



Concello de Monterrei

EDICTO

Próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz deste municipio, convócase elección para xuíz de paz e substituto, á que poderán concorrer os españois maiores de idade, que non se atopen incurso nas causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial ou nas de incompatibilidade fixadas no artigo 389 do referido texto legal.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o décimo quinto día hábil seguinte ao da publicación deste edicto no BOP.

A solicitude, dirixida ao alcalde, presentarase nas oficinas municipais en horario de 9.00 a 14.00 horas, debendo acompañar os seguintes documentos:

Fotocopia autenticada do DNI.

Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2.1 da Lei 68/1980 sobre se se atopa inculpado ou procesado.

Declaración complementaria na que se faga constar que o aspirante non se atopa incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial.

Xustificación dos méritos alegados.

O que se publica para o coñecemento xeral.

Monterrei, 24 de outubro de 2017

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/10/2017
HASH: c128641d36be77dcb670a13aa03ddd2



Cod. Validación: 52XJ95ZEGE39CRRHTT263HFNS | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1